

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*RESOLUCIÓN do 5 de novembro de 2024 pola que se dá publicidade á resolución de concesión das axudas á transformación dixital das pemes para o ano 2024, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IG300C).*

Mediante a Resolución do 18 de abril de 2024 (DOG nº 82, do 25 de abril) publicáronse as bases reguladoras das axudas á transformación dixital das pemes para o ano 2024, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

As ditas bases establecen no seu artigo 13.5 que a resolución conxunta será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Primeiro. Anunciar a publicación do texto completo da resolución definitiva do 22 de outubro de 2024 de concesión das axudas á transformación dixital das pemes para o ano 2024, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, no enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>. O texto completo da resolución non se publica no DOG na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Habilítase un prazo de 10 días naturais para que as persoas interesadas accedan á Oficina Virtual do Igape, no enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, para descargar a súa resolución individual. Unha vez transcorrido o devandito prazo desde a posta á disposición da resolución individual sen que se acceda ao seu contido, entenderase rexeitada.

Estas axudas son cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, que ten unha taxa de cofinanciamento Feder do 60 %, computando



como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible das persoas beneficiarias polo 40 % restante. En particular:

Obxectivo político 1: unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Obxectivo específico 1.2. Aproveitar as vantaxes que ofrece a dixitalización á cidadanía, ás empresas, ás organizacións de investigación e ás administracións públicas.

Liña de actuación 1.2.01. Axudas á dixitalización avanzada das empresas galegas, incluídas as entidades do terceiro sector.

Ámbito de intervención 013. Dixitalización de pemes (incluídos o negocio e o comercio electrónicos e os procesos empresariais na rede, os polos de innovación dixital, os laboratorios vivintes, os ciberempresarios, as empresas emerxentes baseadas nas TIC, o comercio electrónico entre empresas).

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, e o Regulamento (UE) nº 2021/1058, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda implica a aceptación da persoa beneficiaria a ser incluída na lista de operacións prevista no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060. Así mesmo, a persoa beneficiaria deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 50 do devandito Regulamento (UE) nº 2021/1060.

Segundo. As resolucións individuais, segundo o establecido no punto primeiro, esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta á disposición sen que se accedese ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou



desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta á disposición sen que se accedese ao seu contido.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2024

Covadonga Toca Carús  
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: ciypoxd2-6976-9zr0-1k35-hyelkcatyfq1

